

# A OBRA ELIXIDA

artistas galegos dos últimos 30 anos

**MIHL** Museo Interactivo  
da Historia de Lugo

**29/11/2012 - 15/02/2013**

MIHL Museo Interactivo da Historia de Lugo. Parque da Milagrosa, Avda. Duquesa de Lugo, 27001 Lugo. Horario: de martes a domingo, de 17.00 a 21.00 h

Os luns, pechado. Mañás, con cita previa nos tfnos.: 652 471 213 / 626 240 910

24, 25 e 31 de decembro de 2012 e 1, 5 e 6 de xaneiro de 2013 permanecerá pechado

A Obra Elixida, Artistas Galegos dos Últimos 30 Anos é a mostra que inaugura a programación de exposicións temporais do Museo MIHL. A idea de traballar sobre arte galega contemporánea estivo sempre presente; traballar sobre o propio, fronte ao grande nivel de internacionalización cultural que vivimos. Realízase, así, unha lectura presente da arte galega en activo, fuxindo de separacións xeracionais e idades. A importancia do lugar, Lugo, é outro punto de partida; permite poñer os artistas que son ou traballan na cidade de Lugo en diálogo cos do resto de Galiza. Así, están presentes artistas lucenses, como Antonio Murado, Jesús Otero-Yglesias e Mar Vicente; artistas de adopción que teñen o seu lugar de creación nesta cidade: Vicente Blanco e Salvador Cidrás; ademais de artistas que teñen a cidade de Lugo como referente especial, Félix Fernández (Viveiro) ou Rubén Santiago (Sarria).

As obras de arte nacen dos seus creadores e, unha vez nacen, teñen vida propia, aínda que nunca poden romper coa súa orixe. Cando a obra inicia a súa vida, está exposta aos vaivéns desta. Son outros os que as ven e as desexan por moi diferentes motivos. A obra pasa a ser entón a elixida doutros: espectadores, coleccionistas, museos etc. O artista ten que observala a distancia. Pero, que pasa se a obra volve a vivir co seu creador? Cada artista convidado nesta exposición debe elixir unha obra da súa autoría e dicirnos o porqué da súa elección. Os motivos da escolla resultaron moi variados: a obra que marcou a miña traxectoria artística, unha vinculada cun acontecemento persoal destacado, unha das mellores obras, a preferida, a última obra realizada, a revisión actual dunha anterior, unha obra concedida para o espazo da exposición...

A proposta de elixir quere darlles voz aos artistas, que sexan eles os que escollan a obra coa que queren reencontrarse, que manifesten a súa preferencia e a compartan co espectador. Elixir é preferir unha persoa ou cousa no canto doutras para un fin. Elixir obriga a escoller entre varias opcións, neste caso entre toda a produción creativa do artista. É por isto que todas as obras presentes nesta exposición están cargadas de distinción, son enormemente especiais e así nolo fan saber os seus creadores a través dos textos que as acompañan. O artista é xeneroso connosco e móstranos moito máis que a visualización da obra, dános a coñecer as súas debilidades dentro do preferido, o querido. Temos ante nós 16 obras seleccionadas, predilectas, favoritas, elixidas para un fin.

Monica Alonso  
comisaria do proxecto

**Jorge Barbi**



**Manuel Vilarriño**



# Menchu Lamas



**Francisco Leiro**



**Xoán Anleo**





**Pamen Pereira**





**Jesús Otero-Yglesias**



**Antonio Murado**



# Salvador Cidrás

# Carme Nogueira



# Vicente Blanco






**Rubén Santiago**

06=30

**Félix González**





**Amaya González Reyes**





**Mar Vicente**

**Rita Rodríguez**

